

MANIFESTO DE MÁLAGA

“Comprometémonos a traballar nos nosos pobos e cidades”

Os nenos e nenas dos Consellos de Participación Infantil e Adolescente dos municipios de Alcalá de Guadaira, Alcázar de San Juan, Avilés, Belmonte de Miranda, Carbajosa de la Sagra, Carrión de los Céspedes, Castrillón, El Saucejo, Guadalajara, Humanes, Iznajar, La Puebla de Alfidén, Leganés, Madrid, Málaga, Mollerusa, Pola de Laviana, Pola de Siero, Puerto Real, Quart de Poblet, Salas, San Fernando de Henares, Santa Eulalia del Río, Segovia, Tineo e Vera que nos encontramos, traballamos e xogamos xuntos en Málaga o 9, 10 e 11 de novembro, manifestamos que:

Comprometémonos a traballar en e para as nosas comunidades, municipios, pobos e cidades en beneficio de todas as persoas que viven nelas, sen ningún tipo de discriminación por diferenzas físicas, relixión e raza.

Gustaríanos que houbese unha maior comunicación cos nosos pais e nais e conseguir unha maior confianza que nos beneficiase a todos. Igualmente gustaríanos que os adultos confiasen máis en nós.

Pedimos aos nosos políticos que de verdade nos escoiten e que as nosas opinións e ideas sexan tidas en conta, tanto nas cousas pequenas como nas importantes; que non só sexamos unha imaxe, senón unha realidade.

Ademais pedímoslles que colaboren na situación de crise baixando os seus soldos e que gasten máis nos temas que vemos máis importantes, como son a sanidade e a educación. Pedímoslles que nos falen con palabras que poidamos entender.

Quemos que os Consellos de Infancia non desaparezan, máis ben que se promovan e aumenten, pois fomentan o respecto, a convivencia e a equidade. Ademais mostran a realidade na que vivimos e por que nos gusta ser escoitados e participar. Poderíase contar con noso para dicir en que queremos que se gaste o diñeiro destinado á infancia.

As redes sociais son unha realidade na que vivimos diariamente, pero vémonos fóra delas legalmente pola nosa idade. Os nosos pais e nais descoñécenas máis que nós por falta de información e formación e, ás veces, non poñen os filtros necesarios para protexernos. Gustaríanos que as redes fosen fiables e seguras.



Proponemos que nenos e maiores teñamos máis información e formación sobre as TICs para facer un uso axeitado. Ademais, cremos que son un bo instrumento para estudar e traballar as nosas tarefas en horarios axeitados, non durante moito tempo, pois gústanos máis xogar e coñecer xente de verdade.

No noso encontro destes días fixemos unha carta a todas as persoas que están a traballar na nosa educación, pois nos preocupan os recortes que está a haber. Esta situación sentímola nun maior estrés dos nosos profesores, vemos que somos máis en cada clase, que hai profesores que dan especialidades que non son as súas, que hai menos material, excursións, limpeza, calefacción e psicólogos nos colexios e institutos; menos bolsas, e que nós mesmos estamos máis nerviosos. As familias poderían colaborar na nosa aprendizaxe achegando cousas que estean relacionadas coa materia que esteamos a ver.

Pedímosvos que pensedes en nós á hora de tomar decisións que nos afectan hoxe e no noso futuro. Gustaríanos que ademais se traballase un tema moi importante que sufrimos: o acoso. O bullying que hai dentro e fóra da escola é por motivos de diferenzas como o aspecto físico, a raza, a relixión ou doutro tipo. Para solucionalo pensamos que sería interesante que existise o mediador; e podemos ser nós mesmos. Ás veces os profesores non se decatan e outros fan a vista gorda.

Gústanos gozar do noso tempo libre e xogar. aínda que ás veces non temos tempo para iso por todas as cousas que facemos; gustaríanos que nos escoitádeses para decidir estas cousas, que houbera máis espazos para xogar, que sexan gratis, que haxa actividades para todos sen discriminación e que nos axuden a formarnos.

Anós gustaríanos colaborar no deseño dos espazos e actividades que nos propoñen e comprometémonos a colaborar no seu coidado, respectando a todas as persoas que o comparten connosco.

Os nenos, nenas e adolescentes dos Consellos de Participación

Segundo Encontro Estatal de Consellos de Participación de Infancia e adolescencia

En Málaga, a 11 de novembro de 2012

